

**ACTA NUMERO TRINTA E SETE DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO
DE DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Ángel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D. Martín Otero Otero
D. Mario Caldas Agís
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Albino Caneda González
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Ramón López Fernández
D. José Luís Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

D^a Gloria González Camiña
D. Manuel Lores Puente

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as dez horas do día vinte e nove de outubro de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a.CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN DA ZONA E69B, EN O REVEL – VILALONGA. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 26 de outubro sobre esta proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do BNG**, precisou que só se trataba da aprobación provisional dun expediente cunha tramitación das máis dilatadas, posto que, a aprobación inicial se produzo no ano 2006 e o PP vende este asunto dende o 2003 e, precisamente agora, cando parece resolverse o asunto a nivel administrativo, coxea a nivel orzamentario, aínda que a alcaldesa probablemente diría que os atrasos se produciron como consecuencia dos atrancos que lle puxo o bipartito, lembrando que, en cambio, estos se deron porque se pretendeu prescindir do Informe de Sostibilidade Ambiental, o que non era posible.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, logo de indicar que votaría a favor, manifestou que este era un exemplo claro dun alumno que estudiou mal durante o curso e tiña que facer en xuño todo. A interveniente precisou que logo da aprobación inicial, en 2006, se tardou dez meses en pedir a exención do Informe de Sostibilidade Ambiental. Agora, coas eleccións á vista, se aproba provisionalmente sen que exista proxecto de urbanización, posteriormente terá que vir a aprobación definitiva, a licitación e a consecuencia será que en maio todo seguirá igual e máis cando no propio informe do interventor se di que se necesitan fondos, preguntándose como se van a realizar infraestruturas sen financiamento.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que el non forma parte de ningún dos partidos que sustentaron os últimos gobernos autonómicos, vendo como agora se culpaban mutuamente. O certo era que Vilalonga seguía sendo a parroquia abandonada do concello, avogando porque se aprobe dunha vez o plan e se poidan realizar esas importantes infraestruturas.

O Sr. **Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, destacou o compromiso do PP con Vilalonga, como amosa o campo de fútbol, o centro de saúde e co plan especial que sairá adiante e con financiamento. Á Sra. Aguín Pombo indicoulle que lía as partes do informe de interventor que lle interesaban, xa que tamén, había que resaltar o importante patrimonio municipal do solo do que dispón o concello, que superaba os 50 millóns de euros en valoración. Tamén aludiu a que quen pediu o Informe de Sostibilidade Ambiental foi o bipartito, impedindo con elo que os veciños de Vilalonga puideran disfrutar antes das infraestruturas que posibilitará o plan especial.

O Sr. **Otero Domínguez** aludiu a que o centro de saúde é unha infraestrutura da Consellería de Sanidade e, en canto a xestión administrativa, xa empezou no ano 2003 cando non existía o Informe de Sostibilidade Ambiental, oito anos máis tarde segue o trámite e o desenvolvemento é seguro que o terá que facer un novo goberno municipal, esta é a realidade e non o que se pretende vender con paseos con concelleiros por Vilalonga sen eficacia posterior como amosa a limitada partida de 50.000 euros nos orzamentos da Xunta de Galicia para o colexio. Finalmente, anunciou o voto favorable do BNG pola importancia de aprobalo plan especial.

A Sra. **Aguín Pombo**, dixo que lle gustaría que escoitaran aos representantes do PP os veciños de Vilalonga para ver si compartían a súa opinión. Lembrou que a tramitación

do centro de saúde a fixo o bipartito e, en canto a outras actuacións como o acondicionamento da Telleira e o centro sociocultural o único que se está facendo é “marketing”, ao igual que coa gardería, para a que faltan fondos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** reiterou a necesidade de executar actuacións que permitan superar o atraso histórico da parroquia de Vilalonga con respecto ao propio concello de Sanxenxo. Subliñou que lle daba igual o que dixera o concelleiro de urbanismo respecto do valor do patrimonio municipal do solo, que tan só poderá ser considerado como tal cando se perite, o problema para a economía municipal é o importe das débedas aos bancos, os máis de dous millóns de facturas sen contabilizar, a parte doutras cantidades que puideran xurdir como consecuencia de preitos actualmente en trámite.

O **Sr. Casal Moldes** destacou a boa saúde financeira do concello, engadindo que xa lle gustaría a moitos estar como este, lembrando que para cada obra que se fixo no seu día o concello puxo cartos e para as que se teñen que realizar en Vilalonga buscarán o financiamento oportuno.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que do falado polos representantes dos grupos políticos da oposición tan só estaba de acordo na necesidade de recuperar o atraso histórico de infraestructuras para a parroquia de Vilalonga. En canto a xestión, aludiu a que o Informe de Sostibilidade Ambiental o pediu o bipartito e a que un informe de patrimonio do ano 2008, tamén na anterior xunta, obrigaba a realizar unha modificación no plan xeral, finalmente, e xa co goberno no PP na Xunta, o 14 de outubro chegou o informe de patrimonio que permite continua-la tramitación e xa o día 29 do mesmo mes está este asunto no pleno. En canto ao centro de saúde, o fixo a Xunta posto que era o ente competente, pero foi o concello o que puxo a disposición os terreos. A conclusión é que o bipartito tivo catro anos que foron de atrasos e agora se estaba a finalizala tramitación, engadindo que se buscarían cartos para desenvolver o plan de urbanización e o propio plan especial a efectos de por en marcha os equipamentos nel previstos.

Rematado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: estimar parcialmente as alegacións formuladas polo “Colectivo Ecoloxista do Salnés”, nos termos e alcance que se reflicte nos Informes do Arquitecto Municipal de data 19 de febreiro de 2009, e da Asesora Xurídica de 27 de febreiro de 2009.

SEGUNDO: prestar Aprobación Provisional ao Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións da Zona E69B en O Revel, Sanxenxo, adaptado á Memoria Ambiental, de setembro de 2010, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Benito Fernández González.

TERCEIRO: ao abeiro do disposto no artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, remítase o

expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a fin de que no prazo máximo de dous meses emita o seu Informe preceptivo e vinculante.-----

436º) EXPTE. Nº CU003/10 DE “FINANCIERA INMOBILIARIA PROINOVA, S.L.”: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO URBANÍSTICO VINCULADO AO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO SOLO URBANIZABLE Nº 14 DO PXOM DE SANXENXO, QUE FORA ASINADO ENTRE “MIRADOR DE SANXENXO, S.L.” E O “CONCELLO DE SANXENXO”. Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 26 de outubro sobre esta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, salientou que outra vez viña a pleno este asunto, todo o cal era produto da política do goberno do partido popular para recadar rápido e despilfarrar o obtido sen priorizar. Votou de menos a falta de capacidade de negociación cos novos propietarios para acada-la retirada do recurso ou da reclamación, preguntándose onde estaba a seguridade xurídica, xa que, agora incluso se pide resolver o convenio.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE, explicou que votaría a favor da proposta porque non quería que os veciños de Sanxenxo tiveran que devolver o xa ingresado e gastado, esperando que o asunto poida resolverse en sentido positivo, aínda que, é seguro que non será nesta lexislatura, podendo condicionar o futuro do concello en moitos anos.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, dixo que desexaba que o concello non tivese que devolver o diñeiro, pero que non lle quedaba a menor dúbida de que as achegas se entregaron para eximir da construción de vivendas protexidas, outra cousa é que, despois, na redacción dos documentos que o desenvolvían, xa se empezara a falar de achegas voluntarias, pero non cría que o empresarios entregasen esa cantidade de diñeiro a fondo perdido. Por último, sinalou que este tema non se resolvería con este goberno e, probablemente, nin co próximo.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, empezou a súa intervención salientando como exemplo de xestión, a consecución para o concello de 4.700.000 euros neste asunto. Tamén aludiu a que a institución municipal non incumpriu ningunha parte do convenio e, polo tanto, non podía resolverse este, engadiu que a empresa ratificou o convenio un ano despois de que saíra a lei que modificou a réxime das vivendas protexidas. Tamén precisou que o convenio era polo cambio de sistema de actuación e non pola exención da construción de vivendas protexidas. Por último dixo que, aínda que non existe a seguridade xurídica total, os técnicos municipais manifestaron que o concello tiña a razón.

O Sr. Otero Domínguez citou que os cartos recadados o foron dunha maneira irresponsable e sen carácter definitivo, quedando patente naquel momento que o ingreso

era pola exención da construción de vivendas protexidas. O interveniente cualificou ao empresario como inxenuo por ratificar un convenio cando o concello estaba disposto a aprobalo plan especial sen o convenio, aclarando que non van a votar a favor porque tampouco o fixeron no seu día coa ratificación do convenio, que consideraron era unha “catástrofe”. Por último aludiu a que a seguridade xurídica non dependerá do que voten neste pleno.

A **Sra. Agúin Pombo** dixo que non lle parecía idóneo cualificar como boa xestión a utilización dos cartos obtidos para mercar fincas con sobreprezo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** sinalou que parecía unha contradicción considerar unha achega voluntaria dos empresarios como unha xestión do concello e, reiterou, que non crían en achegas voluntarias xa que os promotores son, no bo sentido, mercaderes que buscan beneficios. En canto a seguridade xurídica indicou que a realidade e que aos xurídicos do concello se lles metía en cuestións das que eran moi difícil saír e que, os informes técnicos favorables non garanten nada, porque aínda con eles, se perden xuízos.

O **Sr. Casal Moldes** aludiu a que votar en contra neste asunto era, unha vez máis, unha importante irresponsabilidade, facéndose así unha política de alto risco como era esperar que tropezase o goberno para aproveitarse dese feito.

O **Sr. Otero Domínguez** precisou que non ían votar en contra, senón absterse e que, en ningún caso, dependería do seu voto a existencia dunha seguridade xurídica que o goberno non pode manter.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que existía descoñecemento deste tema e explicou que os novos propietarios pedíronlle ao concello a resolución do convenio e este, previo os informes técnicos oportunos, considera que non é posible, traendo o pleno a proposta correspondente e precisou que nunca se cambiaron cartos por vivendas protexidas. Aclarou que o diñeiro se investiu en patrimonio municipal do solo que xa disfrutaban os veciños. Por último cuestionou o sentido do voto do BNG, indicando que así actuaban en contra dos intereses municipais e deixou patente, ante as continuas referencias a que este tema o resolvería a vindeira corporación, que cría que ía a ser candidata e procuraría gañar as eleccións municipais.

Rematado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor: 12 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: cero**

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal do BNG).**

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: desestimar a solicitude de resolver o convenio urbanístico suscrito en data 19 de agosto de 2009 entre a mercantil “Mirador de Sanxenxo S.L.” e o Concello

de Sanxenxo, cuxo texto definitivo fora aprobado e ratificado polo Concello Pleno mediante acordo adoptado en sesión celebrada en data do 28 de xullo de 2009.

SEGUNDO: **desestimar** a pretensión subsidiaria de devolución da cantidade de 4.797.796 €, entregada a esta Administración Municipal pola entidade promotora do Solo Urbanizable nº 14 (SU – 14) do PXOM de Sanxenxo. -----

437º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE “DOTACIÓN DE ESTRUTURAS DE GRADAS E CUBERTAS NO CAMPO MUNICIPAL DE BALTAR”. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 26 de outubro sobre esta proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, empezou dicindo que o goberno municipal xa conseguiu o titular de prensa ao indicar que o BNG non apoiaría este asunto, sen esperar a este pleno, no que por certo, votarán a favor da proposta da alcaldía. O que sí que tiña que facer o goberno municipal é pedir desculpas aos veciños porque se pretendía facer unha cidade deportiva e, agora, hai que contentarse cunha grada que, ademais, vai a ser pagada a través de endebedamento a longo prazo, é dicir, polos que veñen detrás.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, sinalou que votarían a favor da proposta da alcaldía.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que votaría a favor, ao igual que na comisión informativa. Lembrou a existencia dunha certificación de acopio de materiais que finalmente non se produxo, e que, polo tanto, é mellor desterrala. A autorización do crédito a longo prazo para o financiamento non se pode cualificar como boa xestión, deixando ademais paralizada a cidade deportiva. Por último, aínda que votará a favor da proposta, podería haberse debatido sobre a necesidade das novas gradas, posto que as anteriores non tiñan tanto tempo.

O Sr. **Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, subliñou a importancia da aposta pola política deportiva feita polo goberno municipal, poñendo como exemplo o campo de fútbol de Noalla, a remodelación do campo de fútbol de Baltar e o arranxo do pavillón de Baltar, precisando que xestión é precisamente aproveitar os recursos económicos existentes para realizar investimentos en equipamentos deportivos.

O Sr. **Otero Domínguez** indicou que o goberno municipal non falaba da cidade deportiva que xa non vai a ser realidade, engadindo que votarían a favor da proposta.

A Sra. **Aguín Pombo** dixo que mais que política deportiva era de campos de fútbol, non en outros equipamentos deportivos como o club de piragüismo, pistas de tenis ou pavillóns.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo** sinalou que non consideraba xestión utilizar 250.000 euros dunha cidade deportiva para abordar esta obra, alertando que dentro do peche realizado

se atopen parcelas de propiedade particular.

O **Sr. Casal Moldes** lembrou que os campos de fútbol son municipais e que neles tamén xogan outros clubs do concello e que, en todo caso, absterse non é igual que apoiar.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que xestión era ter unha piscina que están disfrutando os veciños e que se acabará de pagar no ano 2018. Engadiu que o goberno tiña unha folla de ruta e obxectivos a cumprir e que, a pesares da situación de crise xeral, buscarán o xeito de alcanzar os seus obxectivos, reprochándolle aos anteriores intervinientes que nin sequera sabían en qué consistía a cidade deportiva.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** interveu para sinalar que el na comisión informativa votou a favor da proposta.

Rematado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

ÚNICO: autorizar o campo parcial das finalidades da operación de endebedamento a longo prazo do orzamento do ano 2009 coa finalidade de destinar o mencionado parcial ao financiamento do proxecto de “Dotación de estruturas de gradas e cubertas no campo municipal de Baltar, por un importe de licitación con I.V.E. en versión de prezo de execución por contrata de 253.702,24 euros.-----

438º) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 26 de outubro sobre esta proposta.

Non se produciu debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor: 12 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: cero**

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto).**

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: aprobar a modificación de tarifas seguinte:

ABONADOS DOMÉSTICOS:

Mínimo: 30 m³/trimestre.....0,3670 euros/m³

Excesos.....0,4144 euros/m³

ABONADOS COMERCIAIS:

Mínimo: 30 m³/trimestre.....0,3670 euros/m³

Excesos.....0,4144 euros/m³

ABONADOS INDUSTRIAIS:

Mínimo: 75 m³/trimestre.....0,4144 euros/m³

Excesos.....0,5321 euros/m³

OBRAS:

Mínimo: 120 m³/trimestre.....0,5321 euros/m³

Excesos.....0,6865 euros/m³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.”

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de trinta días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón inicial de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.11.-----

439º) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 26 de outubro sobre esta proposta.

Non se produciu debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor: 12 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: cero**

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: aprobar a modificación do cadro de tarifas:

1. Vivendas de carácter unifamiliar 14,269 euros/ano

2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación 3,584 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros 1.188,561 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado 0,201 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados 17,144 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado..... 47,562 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ó público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos..... 114,145 euros/ano
8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 96,85 euros.”

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de trinta días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón inicial de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.11.-----

440º) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 26 de outubro sobre esta proposta.

Non se produciu debate e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor: 12 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal do BNG).**

Votos en **contra: cero**

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto).**

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de

dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: aprobar a modificación do cadro de tarifas:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Abonados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico 2,780 euros/mes
- Uso comercial..... 2,780 euros/mes
- Uso industrial hostalería, obras e outros 4,768 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do abonado)

- Uso doméstico 0,178 euros/m³
- Uso comercial..... 0,178 euros/m³
- Uso industrial hostalería, obras e outros 0,178 euros/m³

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico 15,132 euros/trim.
- Uso comercial..... 15,132 euros/trim.
- Uso industrial hostalería, obras e outros 43,290 euros/trim.

c) Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles abonados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual..... 4,768 euros/mes

Cada m³ vertido (medido ou aforado) 0,178 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de trinta días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata

entón inicial de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.11.-----

441º) MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de 26 de outubro sobre esta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, salientou que votarían en contra da proposta, que intentaba corrixir unha situación inxusta para os comercios de superficie inferior a 1.001 m² que pagaban unha tarifa igual as grandes superficies, que foron as grandes beneficiadas pola reforma de 2008, o que o seu grupo considerou escandaloso. Con esta modificación non se produce unha emenda posto que estas grandes superficies, que son grandes xeradoras de residuos, pagarán a mais non se compensa o que o concello deixou de ingresar dende que se fixo a reforma.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indica que vai a votar en contra da proposta da alcaldía.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que no ano 2008 se modificaron tarifas e epígrafes, subíndose a pequenos locais e baixando a grandes superficies, de 4.181,50 € a 2.059,60 € e gora, se quere corrixir o que se fixo cos pequenos comercios. Con respecto ao 2008 existe unha rebaixa proporcional para as grandes áreas do 71%, 62%, 51% e 36%, de maior a menor, tendo en conta a súa superficie, sumadas todas as cantidades alcanzaban un pouco máis de 16.000 € menos e en cambio se lle sube ao resto o 1,9% , cando o que o que hai que facer e baixar a todo o comercio.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que o Sr. Rodríguez Lorenzo manipulaba os datos, extrapolando os de 2008, pero que, na realidade, eles tiñan o compromiso de non subir as taxas e os impostos aos veciños. Nesta taxa as tarifas se diminuían nas seguintes cantidades segundo as superficies dos comercios de 576 € a 386 €, de 721 € a 482 € e de 397 € a 627 €, mentres que para as grandes superficies se incrementaba de 2.159 € a 2677 €, aparte de que se suprimiu un tramo de 100 a 200 m², para mellorar ao pequeno comercio, engadindo que o pretendido coas intervencións anteriores é confundir aos cidadáns.

O Sr. Otero Domínguez dixo que agora se pretendía emendar unha situación que en 2008 advertiron que era inxusta cando se baixou significativamente a taxa ás grandes superficies que agora vai a quedar en 2.677 €, cando no ano citado era de 4.181 €.

O Sr. Rodríguez Lorenzo aludiu ao erro que supuxo no 2008 a rebaixa de tarifas das grandes superficies e que a unificación dos tramos de 0 a 200 m² afecta a moi poucos comercios, por ultimo indicoulle á Sra. Alcaldesa que para gañar as eleccións tería que ser candidata o que aínda non é, e que en ningún caso sería alcaldesa co seu voto.

O **Sr. Casal Moldes** interveu para desmentir que o goberno municipal pretendía prexudicar ao pequeno comercio como os datos facilitados por el demostraban.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que a realidade é que para os veciños con vivenda na zona urbana do 2007 ao ano 2010 non se había modificado a tarifa (91,33 €). Logo sinalou que estabamos ante unha taxa e non ante un imposto e que, polo tanto, se cobraba en función do custo do servizo e que no 2007 se incluía o a recollida do vidro e do cartón, e agora non, o que xustifica esta modificación.

Rematado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra: 6 contra ((Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos pola **abstención: cero.**

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: aprobar a modificación do cadro de tarifas:

11. Supermercados, hipermercados e grandes superficies:

	ZONA A	ZONA B
a) Establecementos de 0 a 200 m ²	482,50 euros	386,00 euros
b) Establecementos de 201 a 400 m ²	627,06 euros	501,65 euros
c) Establecementos de 401 a 600 m ²	1.218,70 euros	1.218,70 euros
d) Establecementos de 601 a 800 m ²	1.584,31 euros	1.584,31 euros
e) Establecementos de 801 a 1.000 m ²	2.059,60 euros	2.059,60 euros
f) Establecementos de 1.001 m ² en diante	2.677,48 euros	2.677,48 euros

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de trinta días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación así como nun periodico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón inicial de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.11.-----

442º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2009. Polo **Sr. Secretario** dáse lectura a resolución da alcaldía do 19 de outubro do actual que literalmente di:

“”””En virtude das miñas competencias como Alcalde Presidente descritas no artigo 191, paragrafo 3º do R.D.L 2/2.004 de 5 de Marzo e visto o informe da Intervención Xeral de data 15 de OUTUBRO de 2.010, RESOLVO:

REFERENCIAS BÁSICAS DE APROBACIÓN DA CONSOLIDACIÓN

RESULTADOS EN CONSOLIDACIÓN

	Ingresos	Gastos	Desviacións +	Desviacións -	Obrigas Remanentes	RESULTADOS
Entidade Local	25.679.322,75	26.853.154,86	1.185.516,51	979.216,52	0,00	-1.380.132,10
OO.AA. Terra	5.522.522,79	5.054.655,00	467.867,79	0,00	0,00	0,00
OO.AA. Xerencia	2.599.940,77	2.621.972,37	0,00	22.031,60	0,00	0,00
Nauta	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
INSULA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Eliminacións	6.457.417,95	6.457.417,95	0,00	0,00	0,00	0,00
CONSOLIDADO	27.344.368,36	28.072.364,28	1.653.384,30	1.001.248,12	0,00	-1.380.132,10

REMANENTE DE TESOURERIA CONSOLIDADO 2009	E. Local		Sumas E.L.	O.A. Terra	Sumas Terra	Xerencia	Sumas Xerencia	Eliminacións	CONSOLIDADO	Suma Consolidado
1. DEREITOS PENDENTES DE COBRO (A + B + C + D)		1	10.590.724,35		930.234,72		1.612.987,57	1.610.043,93		11.523.902,71
A) ORZAMENTO CORRENTE (430 + 433 + 437)	5.355.348,40			909.111,17		605.846,51			6.870.306,08	
B) ORZAMENTOS PECHADOS (431 + 434 + 439)	5.153.388,50			3.085,67		1.007.141,06			6.163.615,23	
C) NON ORZAMENTARIOS (449+565+470+440)	174.684,58			18.037,88		0,00			192.722,46	
D) PARTIDAS PENDENTES DE INGRESO (554)	-92.697,13			0,00		0,00			-92.697,13	
2. Provisións para insolvencias (490 EHA)		2	1.400.000,00		0,00		8.381,35			1.408.381,35
3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		3	7.522.675,01		975.673,35		1.519.752,50	1.610.043,93		8.408.056,93
A) ORZAMENTO CORRENTE (400)	3.916.672,85			850.329,40		16.638,65			4.783.640,90	
B) ORZAMENTO PECHADOS (401)	188.171,66			54.438,52		539.631,31			782.241,49	
C) Partidas pendentes Aplicación (555)	0,00			0,00		0,00			0,00	
d) Provisións para anticipos de caixa fixa (558)	0,00			0,00		0,00			0,00	
D) NON ORZAMENTARIAS (410 + 419 + 47 + 522 + 56)	3.417.830,50			70.905,43		963.482,54			4.452.218,47	
	7.522.675,01			975.673,35		1.519.752,50			10.018.100,86	
4. FONDOS LIQUIDOS DE TESOURERIA (57)		4	599.884,48		88.261,16		74.430,45			762.576,09
REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1 - 2 + 3 + 4)			2.267.933,82		42.822,53		159.284,17			2.470.040,52
REMANENTE AFECTO A GASTOS XERAIS			197.385,41		42.822,53		0,00			240.207,94
REMANENTE AFECTO GASTOS FINANCI. AFECTADO			2.070.548,41		0,00		159.284,17			2.229.832,58

AFORRO NETO CONSOLIDADO 2009

DETERMINACION DO AFORRO NETO CONSOLIDADO (ENTIDADE LOCAL + O.A.TERRA + XERENCIA)						
Capitulo	Dereitos recoñecidos líquidos entidade local	Dereitos recoñecidos líquidos terra Sanxenxo	Dereitos recoñecidos líquidos xerencia urbanismo	Eliminacións	Total	
1	6.230.444,33	0,00	0,00	0,00	6.230.444,33	
2	1.951.332,32	0,00	0,00	0,00	1.951.332,32	
3	6.946.972,43	491.116,94	2.110.745,45	0,00	9.548.834,79	
4	4.283.675,67	5.030.431,02	479.336,54	4.770.394,20	5.023.049,03	
5	58.475,91	50,75	9.858,81	0,00	68.385,47	
	19.470.900,66	5.521.598,71	2.599.940,77	4.770.394,20	22.822.045,94	

Computación endebedamento competecial máximo: 120 % s/	22.822.045,94	27.386.455,13
Corto prazo (15%)		3.423.306,89
Corto prazo (30%)		6.846.613,78
AFORRO BRUTO (DEREITOS - OBRIGAS): 22.822.045,94 – 17.705.155,92		5.116.890,02
Xuros débeda a longo prazo (162.264,09)		
Xuros débeda a corto prazo (28.437.50)		
Xuros totais		-400.000,00
Amortizacións actuais (1.031.648.24)		-1.100.000,00
Amortizacións en carencia		
AFORRO NETO		3.616.890,02

1. Dereitos recoñecidos (D 430 - H 433)		26.344.368,36	
2. Obrigas recoñecidas netas (H 400)		27.051.455,34	
3. DIFERENZAS (1 - 2)			-707.086,98
AXUSTES:			
I.Dereitos recoñecidos netos (I, II e III)	-	16.043.587,69	
II. Ingresos líquidos capítulos I, II e III corrente	+	11.375.960,14	
III. Ingresos líquidos capítulos I, II e III pechados	+	2.834.420,44	
X. Dereitos recoñecidos netos participación tributos estado	-	2.955.980,74	
XI. Ingreso efectivo participación tributos estado no exercicio (CTE+PECH)	+	2.970.328,70	
XII. Dereitos recoñecidos netos fondo cooperación local	-	814.590,85	
XIII. Ingreso efectivo fondo cooperación local no exercicio (CTE+PECH)	+	814.590,85	
XIV. Gastos extraxudiciais no exercicio de anos anteriores	+	0,00	
XV. Gastos extraxudiciais recoñecidos no exercicio seguinte	-	492.971,35	
4. AVALIACIÓN (3 - 4 + 5 + 6 + 7)			-3.018.917,48
Porcentaxe	%	12,31	
Axustes en dereitos (II+III+IV+VI+VII+VIII+XI+XIII-I-V-X-XII)		-1.818.859,15	
Axustes en obrigas (XV-IX-XIV)		492.971,35	
Dereitos con axustes		24.525.509,21	
Obrigas con axustes		27.544.426,69	

“”Consolidación: obxectivos de estabilidade presupostaría.

Entes que consolidan: Como temos mencionado nos preliminares deste informe, aos efectos da liquidación so consolidan os entes de natureza xurídico administrativa.

Aos efectos do cálculo da capacidade/necesidade de financiamento e/ou avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaría computaran ademais as sociedades mercantís que **“non son productoras de mercado”**. Non obstante non afectan de forma significativa.

Polo tanto só queda excluída NAUTA SANXENXO, SL, xa que como se valorará debidamente na memoria da Conta Xeral de 2009, o 100% dos seus rendementos son de mercado, segundo o concepto de “prezos significativos”.

A avaliación non afecta polo antedito nos apartados anteriores.””

A corporación deuse por enterada.-----

444º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO INFORME DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERÍA MUNICIPAIS DO 19/10/10 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. Polo Sr. secretario dáse conta do informe conxunto da intervención e da tesourería de 19 de outubro do actual relativo ao cumprimento dos arts. 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo que a continuación se transcribe:

“”ASUNTO: INFORME CONXUNTO AO QUE SE REFIRE Á LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O presente informe, refírese conxuntivamente ao disposto no artigo 4.3 da mencionada Lei, onde se indica, literalmente, que os tesoureiros, ou no seu defecto os interventores das corporacións locais elaborarán, trimestralmente, un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada entidade local que incluírá, necesariamente, o número e contía global das obrigas pendentes , nas que se esté incumprindo o prazo.

O mencionado informe débese remitir aos órganos competentes do Ministerio de economía e facenda e da comunidade autónoma. Asímade deberá de presentarse ao Pleno da corporación para o seu debate.

O informe anteriormente referido será complementado co que se refire no artigo 5º, apartado 4 de mesma Lei onde di que a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno regulamentado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos respecto dos que teñan transcorridos tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se teña procedido ao recoñecemento da obriga ou xustificada a ausencia deste trámite. O Pleno, no prazo de 15 días desde a sesión na que teña coñecemento da mencionada información, publicará un informe agregado de relación de facturas e documentos, agrupándoas según o seu estado de tramitación.

Lembremos que o prazo de pago establecido nesta Lei é de 85 días.

Lémbrese que a Lei é de aplicación aos contratos asinados con posterioridade á súa entrada en vigor (disposición transitoria primeira).

Lémbrese que a Lei entrou en vigor o 07.07.10 dado que foi publicada no B.O.E. nº 163 de 06.07.10.

En consecuencia, este primeiro informe conxunto ao que se refiren os artigos 4 e 5 referírase á data do 07.10.10.

Achéganse as correspondentes táboas onde se desglosa diferenciadamente por cada un dos entes dependentes as facturas respecto das que transcorridos 3 meses desde a súa inserción no rexistro correspondente non se procedeu ao recoñecemento da obriga. Neste senso, e en virtude do disposto no artigo 5.3 requírese aos órganos de xestión para que xustifique por escrito a falta de tramitación do recoñecemento da obriga, cuestión que, no sucesivo, se efectuará mensualmente.

Na devandita relación atópanse unhas lendas onde se explicitan as causas do non recoñecemento da obriga.

Por último e en virtude do disposto no artigo 4.3 achégase a relación de todas as obrigas pendentes de pagos dos 3 entes de natureza xurídico-administrativa ordenados por antigüidade de factura e data de contabilización.

Ambas relacións, anteriormente referidas, refúndense nunha única onde se atopan todas as facturas presentadas nos rexistros con indicación das que foron recoñecidas, as que foron efectivamente pagadas e tamén as pendentes de recoñecemento con indicación das causas, debidamente ordenadas por temporalidade.””

Acompañando ao anterior informe figuran os seguintes listados de facturas:

- Da entidade local, que comprende as facturas rexistradas do número 635 ao número 931.
- Do organismo autónomo “Xerencia de Urbanismo”, que comprende as facturas rexistradas do número 1 ao número 120.
- Do organismo autónomo “Terra de Sanxenxo”, que comprende unha relación que comenza por unha factura de “Abrapalabra creac.escénicas S.L.” e remata con unha factura de “Voz de Galicia radio S.L.U.”
- Do organismo autónomo “Terra de Sanxenxo”, que comprende unha relación que comenza por unha factura de “Allianz cia.de seguros Y” e remata con unha factura de “Viñas publicidade S.L.”

A corporación deuse por enterada.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que, eu Secretario,
DOU FE :